

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 26 de agosto de 2002 pola que se resolve o concurso de méritos para cubrir postos de asesores e/ou asesoras especialistas no Servicio de Formación do Profesorado.

Por Orde do 15 de abril de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* do 30 de abril) convocábase concurso de méritos para cubrir postos de asesores e/ou asesoras especialistas no Servicio de Formación do Profesorado. Unha vez cumpridos os requisitos legais e transcorridos os prazos establecidos pola resolución provisional para reclamacións, e de acordo coa proposta efectuada pola comisión de selección prevista no punto 1 do artigo 6º da citada orde, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

DISPÓN:

1. Nomear, en réxime de comisión de servicios, para cubri-las prazas indicadas, ós funcionarios e funcionarias docentes que se relacionan no anexo I desta orde.

2. Esta comisión de servicios será polo período que se especifica no artigo 11, punto 2º, da orde de convocatoria.

3. Declarar vacantes as prazas que figuran no anexo II.

4. Os funcionarios e funcionarias docentes seleccionados pola presente orde quedarán adscritos ós postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2002.

5. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2002.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Postos de asesores e/ou asesoras especialistas no
Servicio de Formación do Profesorado

Concursante seleccionado	Asesoría adxudicada
Lizancos Mora, Laura	Debuxo e educación plástica e visual

ANEXO II

Vacantes de asesores e/ou asesoras especialistas no
Servicio de Formación do Profesorado

Asesoría de	Nº prazas
Filosofía	1
Matemáticas	1
Tecnoloxía	1

Orde do 26 de agosto de 2002 pola que se resolve o concurso público de méritos para cubrir postos de asesores e/ou asesoras de formación nos Centros de Formación e Recursos.

Pola Orde do 16 de abril de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* do 29 de abril) convocábase concurso público de méritos para a provisión de prazas de asesores e/ou asesoras de formación nos Centros de Formación e Recursos e nas súas seccións. Unha vez cumpridos os requisitos legais e transcorridos os prazos establecidos pola resolución provisional para reclamacións, e de acordo coa proposta efectuada pola comisión de selección prevista no artigo 61 da citada orde, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

DISPÓN:

1. Nomear, en réxime de comisión de servizos, para cubri-las prazas indicadas, os profesores que se relacionan no anexo I desta orde.

2. Esta comisión de servizos será polo período que se especifica no artigo 11, punto 2º, da orde de convocatoria.

3. Declarar vacantes as prazas que figuran no anexo II.

4. Os funcionarios e funcionarias docentes seleccionados pola presente orde quedarán adscritos ós postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2002.

5. Contra a presente orde os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento admi-

nistrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2002.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Postos de asesores e/ou asesoras dos Centros
de Formación e Recursos e das súas seccións

Centro de Formación e Recursos	Asesorías xerais	Asesorías de Tecnoloxía da Comunicación e da Información
A Coruña		Blanco Rivera, José Manuel
-Sección de Betanzos		
Santiago de Compostela	Rouco Ferreiro, Javier Francisco Sáenz de Urturi Argómaniz, Jesús J.	
-Sección de Melide	Pacín Fernández, María Carmen	Barca Fernández, Miguel Ángel
-Sección da Pobra do Caramiñal		
Lugo	Naveira Souto, Álvaro	
-Sección de Monforte de Lemos		
Ourense		Alvar Afonso, Isabel
-Sección de Verín		
Pontevedra	López Penas, José Luis	
-Sección da Estrada	Costa Carneiro, Manuel	
-Sección de Vilagarcía de Arousa	Álvarez Fernández, Roberto	
Vigo	Arias Rodríguez, Lourdes	Rodríguez Planes, Emilio

ANEXO I

Vacantes de asesores e/ou asesoras dos Centros de
Formación e Recursos e das súas seccións

Centro de Formación e Recursos	Asesorías xerais	Asesorías de Tecnoloxía da Comunicación e da Información
A Coruña		
-Sección de Cee	1	1
Pontevedra		1

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
AGROALIMENTARIA E
DESENVOLVEMENTO RURAL**

Orde do 23 de agosto de 2002 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a utilización de métodos de produción agraria compatibles co ambiente en Galicia e se convocan para o 2002.

A orientación das explotacións agrarias en períodos anteriores camiñou na procura de altos rendementos. Esta circunstancia permitiu satisfacer en gran medida a demanda de alimentos para unha poboación en continua expansión.